

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CBTCP12	Tapizaría e cortinaxe	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3100	Confección e montaxe de cortinas e estores	2023/2024	6	237	237

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SANDRA CASAL ESTÉVEZ, AROA VEIGA DA ROCHA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tapiceiro/a de mobles.

Tapiceiro/a artesanal.

Tapiceiro/a de decoración auxiliar.

Tapiceiro/a de vehículos.

Enteador/ora.

Reparador/ora de toldos.

Operador/ora de máquinas industriais de coser e bordar.

Montador/ora de cortinaxes e de estores

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Máquinas, equipamentos e ferramentas.	Preparar máquinas, equipamentos e ferramentas para a confección de cortinas e estores	25	15
2	Confección de cortinas e estores.	Obter cortinas e estores, aplicando técnicas de confección	137	50
3	Instalación de cortinas e estores.	Instalar cortinas e/ou estores nos espazos físicos para os que se confeccionaron	50	20
4	Elaboración orzamentos e facturas.	Elaborar orzamentos e facturas, a partir das superficies ou dos ocos que haxa que cubrir, e xustificaos en función do material empregado e da dificultade asociada ao proceso	25	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Máquinas, equipamentos e ferramentas.	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara máquinas, equipamentos e ferramentas para a confección de cortinas e estores, tendo en conta a relación entre as variables seleccionadas e as características do artigo téxtil que haxa que tratar	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse e clasifícanse os equipamentos, as máquinas e as ferramentas en función das súas prestacións no proceso de confección
CA2.2 Realizáronse operacións de montaxe e desmontaxe asociadas a cambio de formatos
CA2.3 Realizouse a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos, das máquinas e das ferramentas
CA2.4 Levouse a cabo o axuste e o reaxuste dos equipamentos, das máquinas, dos accesorios e das ferramentas en función da operación e do material que se vaia empregar
CA2.5 Reaxustáronse os parámetros das operacións de proba
CA2.6 Determináronse os elementos e os tecidos funxibles dos equipamentos e ensaiouse a súa montaxe e a súa desmontaxe
CA2.7 Mantívose a área de traballo en condicións de orde, limpeza e seguridade
CA2.8 Identifícanse e clasifícanse os medios e os equipamentos de seguridade asociados á manipulación das máquinas e das ferramentas
CA2.9 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais nas operacións de preparación de máquinas e ferramentas

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipos de máquinas, utensilios e accesorios utilizados na confección de téxtil fogar.
Funcionalidade de máquinas, utensilios e accesorios no proceso produtivo.
Procedementos de uso das máquinas, utensilios e accesorios. Criterios e condicións de seguridade no proceso produtivo.
Partes funxibles e axustables da maquinaria.
Operacións de axuste da maquinaria en función da súa funcionalidade.
Operacións de mantemento de primeiro nivel.
Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Confección de cortinas e estores.	137

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Obtén cortinas e estores, aplicando técnicas de confección	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionouse o material segundo o artigo que haxa que confeccionar
CA3.2 Descríbense os procedementos de preparación de distintos materiais (tecido exterior, entreferro, forros, etc.), controlando os parámetros implicados para evitar desviacións (textura, cor, debuxo, etc.)
CA3.3 Trazouse a marcade dos patróns sobre o material, sinalando puntos de unión, acabados de ourelas e emprazamentos de adornos ou fornituras
CA3.4 Executáronse as operacións de corte sen deformación dos perfís das pezas, marcando piquetes e perforacións
CA3.5 Clasifícanse e describíronse os sistemas de ensamblaxe en función do tipo de unión, os medios e os materiais especificados previamente na lista de fases da confección
CA3.6 Executáronse operacións de ensamblaxe, aplicando métodos e técnicas apropiados a cada tipo de unión (acabamento de ourelas, plisado, de pechamento, etc.) especificados previamente na lista de fases da confección
CA3.7 Realizáronse operacións de acabamentos intermedios e finais, seguindo criterios de seguridade e estética
CA3.8 Reducíronse por medio da pasada do ferro as anomalías detectadas (engurras, fios sobranceiros, relevos, brillos, etc.) en función da forma do produto e aplicando normas de seguridade
CA3.9 Incorporáronse elementos auxiliares, ornamentais e de acabado, de acordo co deseño final
CA3.10 Propuxéronse ideas de confección e amosouse unha actitude creativa
CA3.11 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais requiridas

4.2.e) Contidos

Contidos
Tipos e principais características dos materiais que cumpra confeccionar: cortinas e estores.
Tarefas e procesos básicos de arranxos en confección.
Técnicas e procedementos de corte dos materiais.
Técnicas e procedementos de ensamblaxe das pezas cortadas.
Técnicas de acabado e preparación do produto para a súa entrega.
Equipamentos de protección individual.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Instalación de cortinas e estores.	50

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Instala cortinas e/ou estores nos espazos físicos para os que se confeccionaron, tendo en conta a relación entre a funcionalidade da instalación e a súa estética	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Clasifícaronse os tipos de mecanismos para cortinaxes segundo as características desta
CA4.2 Montáronse os mecanismos axeitados para as cortinaxes confeccionadas e comprobouse que cumpran a súa función mecánica, atendendo ás normas de seguridade no traballo
CA4.3 Identifícaronse as máquinas e as ferramentas e o material asociados á instalación de cortinas e estores
CA4.4 Valorouse e elixiuse unha opción de instalación apropiada dos mecanismos e dos soportes das pezas (cortinas e/ou estores) que cumpra instalar, tendo en conta a súa funcionalidade e a súa estética
CA4.5 Instaláronse os soportes e os mecanismos no espazo físico onde se vaian situar, pondo especial atención en manter a máxima limpeza
CA4.6 Colocáronse as cortinaxes no espazo físico para o que se confeccionaron, asegurándose de que cumpran os parámetros funcionais e estéticos previstos
CA4.7 Detectáronse defectos ou problemas na instalación e corríronse in situ, de ser posible, cumprindo os controis de calidade do traballo terminado
CA4.8 Deixouse a área limpa e ordenada logo de finalizada a instalación
CA4.9 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos e características das fiestras ou os espazos para cubrir.
Relación entre cortina e fiestra: formas e estilos.
Relación entre estor e fiestra: formas e estilos.
Instalación de cortinas e estores.
Medidas de prevención de riscos laborais aplicables.
Funcionalidade dos mecanismos.
Técnicas e procedementos de montaxe e preparación de mecanismos.
Ferramenta electroportátil e manual necesaria para a instalación de soportes: características e procedementos de utilización.
Tipoloxía e características de fixacións para soportes de cortinaxe.
Técnicas e procedementos para a fixación de soportes e instalación da cortinaxe.
Aspectos relativos á seguridade nas operacións de instalación de soportes.



Contidos

Limpeza e acabamentos no proceso de instalación.

Especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración orzamentos e facturas.	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora orzamentos e facturas a partir das superficies ou dos ocos que haxa que cubrir, e xustifícaos en función do material empregado e da dificultade asociada ao proceso	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Mediuse a superficie ou o oco que se vaia cubrir, coa precisión requirida
CA1.2 Realizouse un esbozo da instalación que recolla todos os datos e os elementos necesarios
CA1.3 Deduciuse a largura e a lonxitude dos materiais
CA1.4 Definíronse marxes de costura e desafogos
CA1.5 Calculouse a cantidade necesaria de material
CA1.6 Estimouse o tempo requirido no desenvolvemento do produto e sinaláronse as dificultades asociadas ao traballo que cumpra realizar
CA1.7 Aplicouse a marxe comercial aos custos establecidos
CA1.8 Realizouse a emisión de facturas de acordo co orzamento, xustificando as posibles desviacións e cumprindo os requisitos legais
CA1.9 Empregáronse aplicacións informáticas na elaboración do orzamento

4.4.e) Contidos

Contidos
Medición de ocos e superficies.
0Confección de orzamentos con aplicacións informáticas.
Impostos asociados. IVE.
Tipos e principais características dos materiais para confeccionar: cabezas de cortinas, cintas para cabezas, cortinas, doseleiras e estores.
Remates de cortinas: galería, bandó, grilanda, caída, abrazadeira, bordo, lazo, escarapela, etc.
Patróns en función dos materiais que se vaian utilizar.
Cálculo de materiais e de material residual.
Datos dun orzamento. Prazos de entrega, forma de pagamento e calidades.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. MÍNIMOS EXIXIBLES:

Tras analizar a realidade da contorna do centro e as posibles saídas laborais do alumnado, considero unha serie de criterios de avaliación como claves na consecución das competencias establecidas no currículo. A superación dos mesmos é polo tanto imprescindible para a avaliación positiva deste módulo. Estes criterios de avaliación están sinalados cun SI no apartado mínimo esixible, para cada unidade didáctica, no apartado 4.d. e que se resumen a continuación:

Posta a punto de máquinas e equipamentos.

Manexar correctamente as máquinas e ferramentas que existen no taller.

Analizar e seleccionar os diferentes tipos de materiais para a confección de cortinas e estores.

Recoñecer os distintos tipos de cortinas e estores e as súas características.

Medir os diferentes ocos para colocación das cortinas, facer un cálculo do tecido e materiais cuantificando os tempos de traballo.

Autonomía en realizar diferentes técnicas e procedementos específicos de patronaxe, corte, confección, e acabados.

Dominio das puntadas á man grupo 200 (normas UNE)

Autonomía na ensamblaxe de cortinas e estores utilizando distintos materiais e técnica.

Diferenciar o tipo de mecanismo en función das características de cortina ou estor.

Elaborar orzamentos e facturas

Cumprir as normas de prevención de riscos laborais.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación realizarase ó longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo.

Avaliacións parciais:

A nota de cada unha das avaliacións parciais virá dada pola suma das puntuacións ponderadas acadadas en cada unha das actividades calificables. A puntuación será de 1 a 10, sendo aprobado a partir dos 5 puntos. Para que sexa positiva, terán que ser superados tódolos CA asignados como mínimos esixibles. No caso contrario, non se superará a avaliación, obtendo como máximo un 4, e deberán recuperarse.

Os instrumentos empregados nas actividades calificables dentro de cada UD serán os indicados no apartado 4.c. asociados a cada un dos CA. E serán aplicados nas seguintes porcentaxes

1. Probas escritas 20% (exames ou traballos escritos)

2. Probas prácticas 80% (exercicios de resolución práctica, empregando como instrumentos de avaliación: táboas de observación e listas de cotexo).

Aplícase o redondeo matemático a partir do decimal 5 para determinar a nota final de cada avaliación trimestral.

Para poder calcular a nota da avaliación, o alumnado terá que ter como mínimo a puntuación dun 4 en cada tarefa ou proba para poder aplicar as porcentaxes.

Se o alumno/a ten algunha tarefa pendente de entregar ou cunha puntuación inferior a 4, a calificación máxima será dun 4.

Todas as tarefas están deseñadas para ser realizadas na aula taller, o alumnado so poderá realizar ou rematar tarefas na casa cando sexan traballos escritos, en ningún momento poderán levar tarefas de natureza práctica para rematar na casa.

O alumnado que por acumulación de faltas de asistencia xustificadas, no teña todas as tarefas realizadas o termo de cada avaliación, terá dereito a realizar unha proba (teórica ou práctica, segundo corresponda) para avaliar os criterios de avaliación correspondentes ás tarefas non entregadas.

Nota final do módulo:

Ao termo do curso, coas unidades didácticas pechadas e con nota individual, aplicarase a porcentaxe en peso de cada unidade para obter a nota final do módulo, descrita no punto 3 desta programación e que son os seguintes:

UD1 15% da nota final do módulo.

UD2 50% da nota final do módulo.

UD3 20% da nota final do módulo.

UD4 15% da nota final do módulo.

O alumnado que supere a terceira avaliación, terá a mesma nota que na avaliación final de módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que, o longo do curso, teña suspensa algunha avaliación parcial, terá dúas opcións de recuperación.

- Poderá recuperar a parte práctica de dita avaliación no momento que entregue as tarefas prácticas pendentes ou non superadas no trimestre seguinte.

- Para recuperar as probas escritas, a profesora chegará a un acordo co grupo para determinar a data da proba de recuperación no trimestre seguinte.

Para o alumnado que teña este módulo suspenso logo de realizada a terceira avaliación parcial de módulos, destinarase un período de recuperación previo á avaliación final do módulo.

Neste período, estableceranse actividades de recuperación establecidas de xeito personalizado para cada alumno/a, atendendo os criterios de avaliación non superados marcados como mínimos esixibles. Estas actividades están recollidas nun informe individualizado de avaliación.

A cualificación farase efectiva na avaliación final de módulos na primeira semana de xuño.

Se un alumno/a ten algún módulo suspenso na avaliación final de módulos, terá opción de realizar unha proba extraordinaria de recuperación na última semana lectiva de xuño. Esta proba é igual para todo o alumnado e estará deseñada tendo en conta os contidos mínimos esixibles do módulo.

O alumnado que suspenda este módulo, non poderá promocionar a segundo curso xa que é un módulo profesional asociado a unidades de competencia e supera o 20% das horas semanais.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda de dereito á avaliación continua nun determinado módulo non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en

idade de escolarización obrigatoria (menor de 16 anos)

Se algún alumno ou algunha alumna superase os 16 anos terá dereito a unha proba extraordinaria na data estipulada polo centro educativo que constará de parte teórica e parte práctica.

Esta proba será deseñada atendendo os criterios de cualificación marcados como mínimos esixidos no apartado cinco de esta programación e constará de:

- a) proba teórica da materia impartida durante todo o módulo que representará o 20% da nota final.
- b) proba práctica da realización dalgún tipo de cortina ou estor que representará o 80% da nota final.

Para superar o módulo o alumno deberá ter a nota mínima dun 5 en cada unha das probas descritas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación farase a través desta plataforma, recollendo as incidencias que vaian aparecendo.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

O grao de cumprimento da temporalización

O logro dos obxectivos programados

Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso, nos primeiros días de clase, realizarase unha avaliación inicial para coñecer ó alumnado, saber os coñecementos previos que teñen sobre o módulo, expectativas e tamen coa finalidade de detectar algunha necesidade educativa especial.

Con esta avaliación preténdese adaptar a programación ao nivel do alumnado. A proba consiste nunha serie de preguntas sinxelas sobre o módulo que van a cursar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na Formación Profesional cóntase co Reforzo educativo e a Adaptación Curricular como elementos de axuda para axustarnos ás necesidades dos alumnos.

1. O responsable de levar a cabo este proceso de atención ás necesidades educativas do alumnado é o profesor titor, que coordinará a

elaboración e implementación do reforzo ou a adaptación curricular, coa colaboración do Departamento de Orientación do centro educativo e do Equipo de Orientación Específico da provincia, nun traballo consensuado polo equipo docente do ciclo.

A Adaptación Curricular será necesaria realizala cando un alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, propoñéndose para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas .

A atención aos nenos e nenas da formación profesional básica será máis individualizada, tratarase de que se responsabilicen no seu traballo con certos límites e normas, farase reforzo positivo, a visión da persoa será integral, o desenvolvemento do traballo será cooperativo, traballaranse a comunicación e a participación e, sobre todo, partirase dos intereses do alumnado para mantelo o máis motivado que sexa posible.

2- Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.

3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título como son:

- Adaptarse os diferentes situacións ou postos de traballo, e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos.
- Realizar o mantemento de primeiro nivel en máquinas e equipamentos de confección, de acordo coa ficha de mantemento.
- Cumprir cos obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo, conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- Resolver as incidencias relativas á propia actividade e identificar as súas causas, con responsabilidade á hora de tomar decisións.
- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que derivan das relacións laborais, en consoancia co establecido na lexislación.

4.- Se fose necesario, solicitarase asesoramento e colaboración do departamento de Orientación do centro, para levar a cabo algunha medida adicional.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de exames, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo

(aula, material informático,talleres,...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico - práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no centro integrado e poidan levarse a cabo no desenrolo da programación.

A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

1. Actividades complementarias;

- Visitas a empresas textis , museos e outras, na comunidade autónoma e fora de ela.

- Visitas a feiras na comunidade autónoma e fora de ela.

2. Actividades extraescolares;

_As propostas por outros departamentos como a biblioteca, o EDLG, FOL...na participación de concurso, charlas, etc.

10.Outros apartados

10.1) Confección e montaxe de cortinas e estores

Neste módulo formativo o que se pretende e dotar ao alumnado dos coñecementos básicos para confeccionar e montra cortina e estores, cosendo a man e a máquina, así como tamén as técnicas de iniciativa emprendedora; que o alumno adquira uns coñecementos básicos que o posibilite para ser axudante nun taller téxtil, de montaxe de cortina ou nunha tenda/taller de artigos téxtiles de decoración e de cortinas.

10.2) Medidas COVID-19

Medidas COVID-19:

-Uso da mascarilla na aula

-Distancia de seguridade de 1,5 metros; sempre que sexa posible.

- Desinfección das mesas, cadeiras e postos de traballo (neste caso as máquinas de coser)

-Asignarase un asento fijo, tanto nas mesas como nas máquinas.

-Cada alumnado debe traer o seu propio material, se precisa un material externo deberá desinfectarse tanto o principio coma no final.

Se houberse un novo confinamento ou cuarentena obrigatoria:

Realizarase as clases por medio de Cisco Webex, e co axuda técnica da aula virtual